

**JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, ALCALDE DO CONCELLO DE ARES,
FAI SABER:**

Sendo toda a veciñanza coñecedora dos problemas existentes no abastecemento de auga durante o verán por mor do incremento considerable da poboación, transmítense **un conxunto de recomendacións** co fin de **evitar o consumo simultáneo en certos momentos do día**, agravándose especialmente durante as fins de semana:

- Evitar poñer lavadoras os sábados e domingos pola mañá, así como entre as 20:00 h. e as 22:00 horas. Recoméndase facelo noutros días da semana.
- Realizar duchas cortas de menos de 5 minutos de duración.
- Procurar poñer os lavalouzas a media tarde ou despois das 22:00 horas.
- Evitar a dobre descarga dos inodoros cando non sexa estritamente necesario.
- Evitar a enchedura de piscinas, o baldeo de patios, o lavado de coches, as regas e calquera outro uso que non sexa imprescindible para a vida diaria.

Tratemos entre todos de escalonar a forte demanda simultánea que se produce nas fins de semana pola mañá e entre as 20:00 h. e as 22:00 horas.

Grazas pola súa colaboración.

Ares, 21 de xullo de 2025

O alcalde,



Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo

